Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea

**RESOLUCIÓN REITORAL DE 29 DE XANEIRO DE 2020 POLA QUE PUBLICA UNHA CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA PARTICIPAR EN ACCIÓNS DE MOBILIDADE PARA FORMACIÓN OU DOCENCIA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ KA107**

Unha vez publicada a convocatoria de axudas para participar en acción de Mobilidade para formación ou docencia no marco do programa ERASMUS+ ka107 por RR de 24 de xaneiro de 2020 e advertidos erros na convocatoria:

ESTA REITORÍA RESOLVE REALIZAR AS OPORTUNAS CORRECCIÓNS:

1. No punto 1 da RR da convocatoria, onde di:

   "Convocar 29 prazas en réxime de concorrencia competitiva segundo as bases establecidas no anexo I, para realizar unha estadía nas universidades recollidas no anexo II da presente convocatoria."

   debe dicir:

   "Convocar **30** prazas en réxime de concorrencia competitiva segundo as bases establecidas no anexo I, para realizar unha estadía nas universidades recollidas no anexo II da presente convocatoria."

2. No Anexo I, punto 3: Características e duración da estadía, onde di:

   "A duración da estadía na entidade de destino será de cinco días de docencia (STA) ou formación (STT) presencial máis dous días de viaxe. No caso de docencia, deberanse xustificar un mínimo de **oito** horas de docencia impartidas entre os 5 días de estadía presencial. Non se contabilizarán como días de docencia ou de actividade formativa, os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da universidade de destino asinada."

   debe dicir:

   "A duración da estadía na entidade de destino será de cinco días de docencia (STA) ou formación (STT) presencial máis dous días de viaxe. No caso de docencia, deberanse xustificar un mínimo de oito horas de docencia impartidas entre os 5 días de estadía presencial. **As estadías ofertadas con destino en China poderán ter unha duración máxima de 10 días de docencia (STA) ou formación (STT) presencial máis dous días de viaxe, xustificando un mínimo de 8 horas lectivas por semana (o número mínimo de horas lectivas dunha semana incompleta será proporcional á duración desa semana).** Non se contabilizarán como días de docencia ou de actividade formativa, os sábados nin os domingos salvo confirmación expresa da universidade de destino asinada."

3. No Anexo II, prazas convocadas en Exipto, onde di:

   "Nº de prazas: 2 STA"

   Debe dicir:

   "Nº de prazas: 3 STA"

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa

Código seguro de Verificación : GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

| ÁMBITO- PREFIJO | CSV | FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **GEISER** | **GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f** | **29/01/2020 11:01:22 Horario peninsular** |
| Nº registro | DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN | Validez del documento |
| **U03800117s20N0000021** | **https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida** | **Original** |

GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f

Código seguro de Verificación : GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida



publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

O reitor
Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)
A vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización
e Cooperación
(asinada electronicamente por)

María Isabel Doval Ruiz

| ÁMBITO- PREFIJO | CSV | FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **GEISER** | **GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f** | **29/01/2020 11:01:22 Horario peninsular** |
| Nº registro | DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN | Validez del documento |
| **U03800117s20N0000021** | **https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida** | **Original** |

GEISER-2406-b30b-43f6-43f9-91f3-f08b-95f9-6e0f